

INFORME DE XESTIÓN DO REITOR 2019-2020

INFORME DE XESTIÓN DO REITOR 2019-2020

ÍNDICE

LIMIAR 7

1- CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

- 1.1 Fomentar a dimensión integral na educación .. 12
- 1.2 Actualizar o marco normativo do estudantado.. 13
- 1.3 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado..... 14
- 1.4 Transformar o modelo de xestión da calidade ... 15

2- COMPROMETERSE CO PERSOAL

- 2.1 Definir un plan de persoal (pdi e pas).....20
- 2.2 Adaptar as estruturas de ordenación do persoal ás necesidades da usc 21
- 2.3 Actualizar a normativa de persoal 21
- 2.4 Reformular a cuantificación das actividades docentes, investigadoras e de xestión na xornada laboral 21
- 2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal 22
- 2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal 22

3- POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

- 3.1 Integrar os campus na cidade28
- 3.2 Potenciar o uso da lingua en todos os ámbitos .. 29
- 3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade ..29
- 3.4 Profundizar na cultura da transparencia.....31
- 3.5 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe internacional31
- 3.6 Impulsar o proxecto cultural da usc como un espazo de innovación e creación que sitúe a universidade na vangarda 32
- 3.7 Dinamizar as relacións dos demais órganos da universidade co Consello Social 32
- 3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e protección de datos..... 33

4- SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

4.1 Elaborar o plan estratéxico da usc para o período 2021-2030	38
4.2 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado.....	39
4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento	40
4.4 Adecuar a oferta das prazas nas titulacións ás necesidades sociais	41
4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios	42
4.6 Promover os campus de especialización e novas estruturas de docencia e investigación.....	42
4.7 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador	43
4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación.....	43
4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación.....	43

5- PROXECTAR A USC POLO MUNDO

5.1 Potenciar a mobilidade das persoas.....	48
5.2 Internacionalizar a oferta docente da usc ...	48
5.3 Potenciar a comunicación da usc cara ao exterior	49
5.4 Cooperar para o desenvolvemento internacional	49

6- XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

6.1 Optimizar o uso das infraestruturas	54
6.2 Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos	55
6.3 Racionalizar a administración instrumental ...	56
6.4 Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos	56
6.5 Sistematizar a normativa universitaria	56
6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios	57

ANEXO: A RESPONSA CONTRA A COVID-19

A.1 A resposta da usc cara á sociedade	60
A.2 A docencia nun contexto de pandemia	63
A.3 Administración e servizos durante a crise ..	65





LIMIAR

O artigo 78, h dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela prevé como competencia do Claustro a deliberación sobre o informe anual do reitor. Tratando de dar resposta a esta competencia, preséntase este informe sobre a actividade desenvolta na Universidade durante o ano 2019.

Era a nosa vontade, expresada xa con ocasión do Informe de 2018, presentar este informe diante do Claustro Universitario na primavera deste ano 2020 cos obxectivos de render contas da xestión realizada; abrir o pertinente debate sobre o traballo realizado para poder, de ser o caso, introducir melloras nas liñas xerais da programación plurianual 2018-2020; e, finalmente, reflexionar sobre o futuro da Universidade proxeccións cara a un futuro que demanda, máis ca nunca, claridade de pensamento e firmeza na decisión. A pandemia declarada nos primeiros días de marzo que tivo como consecuencia a suspensión da actividade universitaria presencial trala declaración do estado de alarma o 14 dese mes impediu a celebración daquela sesión do Claustro que nos vimos obrigados a pospoñer ata este momento.

Tras o informe previo de 2018, este debería corresponder ao exercicio do ano 2019, pero a importancia do impacto da COVID-19 na totalidade da actividade universitaria e o atraso obrigado desta sesión leváronnos a incorporar a xestión realizada ata xuño de 2020. Este cambio permítenos, ademais, reflexionar tamén sobre o feito nestes últimos meses en tempo, case, real.

Este é o primeiro informe directamente relacionado e enmarcado nos obxectivos da programación plurianual 2019-2022. Por esa razón, preséntase seguindo o mesmo esquema da programación e dá conta dos logros acadados e tamén das cuestións pendentes en cada un dos eixes, accións e liñas de actuación que o compoñen; serven tamén como base para as propostas de modificación.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
Reitor




1

CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

“*O estudantado é a pedra angular da institución universitaria. O primeiro obxectivo da USC debe ser ofrecerlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e adaptada aos novos tempos.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
1.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN						
1.1.1 Incorporación da competencia da ética profesional						
1.1.2 Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos TFG e TFM						
1.1.3 Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado do último curso de grao						
1.1.4 Institucionalización da aprendizaxe-servizo						
1.1.5 Cooperación cos concellos e deputacións						
1.2 ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO						
1.2.1 Elaboración dun novo Estatuto do Estudantado que contemple a realidade actual da USC						
1.2.2 Recompilación da normativa de xestión académica e actualización da normativa do alumnado, en particular a de permanencia e avaliación						
1.2.3 Creación do Consello do Estudantado, segundo as directrices aprobadas no Estatuto do Estudantado (acción 2.1)						
1.2.4 Regulación da figura de delegados de curso (acción 2.1)						
1.3 ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E O SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO						
1.3.1 Mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico						
1.3.2 Adaptar de forma progresiva a oferta do CLM						
1.3.3 Incorporación de novas canles de comunicación co estudantado						
1.3.4 Integrada na acción 1.3.1, e complementada coas accións 6.4.2 e 6.4.4						
1.3.5 Procura dun calendario académico harmonizado, estable e adaptado aos distintos contextos, en colaboración coas outras universidades do SUG						
1.4 TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE						
1.4.1 Continuación do proceso de acreditación institucional de centros						
1.4.2 Impulso e mantemento das acreditacións internacionais, e en particular as de ámbito profesional						
1.4.3 Implementación dun programa interno de "benchmarking" para estender as boas prácticas en materia de calidade que están a desenvolver os centros da USC						
1.4.4 Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua						
1.4.5 Incorporación do programa Docencia no rendemento docente do profesorado						
1.4.6 Análise dos resultados dos procesos de calidade						
1.4.7 Evolución da USC en cifras cara a un espazo "open data" cun mellor deseño e maior visibilización da información						
1.4.8 Creación dun observatorio de empregabilidade						



PRAZO OBXECTIVO
 PRAZO AMPLIADO
 COMPLETADO ANTES DE PRAZO

1.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

O tratamento da educación como un pilar que debe soste r cuestións intimamente vencelladas ao concepto de formación, como a ética profesional, o incentivo de competencias cívico-sociais ou a empregabilidade foi considerado un elemento clave á hora de comprender a actividade docente nun contexto social.

A promoción de comportamentos éticos no desempeño profesional fíxose tanxible coa implantación de cursos no ámbito do alumnado ([Curso PFID para TFG e TFM](#)) sobre o comportamento específico fronte o plaxio (ferramentas antiplaxio e normativa sobre protección de datos e investigación). Foron realizados 30 cursos para o alumnado TFG (2.244 persoas formadas) e 10 cursos para alumnado TFM (211 persoas formadas).

GRÁFICO 1

No eido da necesaria orientación laboral, destaca a estandarización do [Boletín de Información Profesional \(BIP\)](#), o Convenio con directivos/as para a mentorización do alumnado, o [Obradoiro Consegue](#) para atopar traballo ou a gravación e difusión de vídeos sobre Bolsas e Prácticas Profesionais de ámbito autonómico, estatal e internacional na [canle de Youtube da USC](#), superando as mil visualizacións nas dúas primeiras semanas.

A consolidación de metodoloxías innovadoras, orientando as aprendizaxes a dar solución a problemas sociais ten cabida tamén neste eixe, a partir do desenvolvemento dunha iniciativa concreta na que se insiren iniciativas como a [IV Convocatoria de Proxectos de](#)

[Innovación Educativa Aprendizaxe-Servizo](#), o [Plan de Formación e Innovación Docente](#) ou a convocatoria dos [Premios Aprendizaxe-Servizo](#). Desenvolvéronse, total ou parcialmente, 40 proxectos de innovación educativa.

A promoción da cultura, os hábitos saudables, o deporte e, en xeral, actuacións de carácter inclusivo foran definidos como un obxectivo específico dentro desta concepción da educación como un concepto integral. Entre os acordos asinados con diferentes entidades e institucións neste eido, destacan os **convenios coa Deputación da Coruña e Concello e Deputación de Lugo** (incluíndo a renovación de Lugo Cultural), a **Organización do USC Camiña**, que achega a información da nosa Universidade (titulacións, servizos e programas) a diferentes comarcas galegas, a aposta decidida polos **cursos de verán** en convenio con diferentes concellos espallados pola xeografía galega e o convenio acadado cos Concellos de Ribeira e Mondoñedo como sedes permanentes do IV Ciclo da USC, dirixido a persoas maiores de cincuenta anos.

Finalmente, asinouse o convenio para iniciar no curso 2020-21 a Plataforma de Emprego da USC que é un espazo gratuito que vai permitir aos estudantes e egresados/as ter acceso dun xeito rápido e áxil a contidos, recursos e informacións relacionados coa mellora da súa empregabilidade e o seu acceso ao mundo laboral.




GRÁFICO 1 Persoas formadas.



FOTO Canle Youtube.



FOTO Claustro aprobación Estatuto do Estudantado.

1.2 ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO

A consecución do novo Estatuto do Estudantado, publicado no [DOG o 13 de xaneiro de 2020](#), substituíndo ao aprobado en decembro de 1998, completa un dos máis grande fitos neste curso dentro das actuacións dirixidas a actualizar o marco normativo do estudantado á realidade actual da USC. Introduciuse a figura de delegado de aula ou grupo no Estatuto do Estudantado, abrindo a posibilidade de que os centros a poidan implantar.

O Estatuto dá resposta, entre outras realidades, ao obxectivo de crear un **Consello do Estudantado**, xa que recolle no seu capítulo 8 (artigo 29) as características, funcións e sistema de designación do Consello,

como órgano propio e estable de representación estudantil que debe xogar un papel complementario ás diversas organizacións estudantís coas que convive. Foi retrasada a súa constitución ata a celebración das eleccións para renovar a representación estudantil no Claustro, que foron adiadas por mor da COVID.

Tamén se deron os primeiros pasos na actualización de textos normativos relativos ao estudantado coa reordenación da normativa en materia de alumnado e a iniciación da revisión da normativa de xestión académica por grandes bloques. Así mesmo, **incluíronse todas as normas no repositorio institucional Minerva** e impartiuse formación ao persoal para o seu uso.

1.3 ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

O proceso de simplificación e axilización dos procedementos da xestión académica e mellora, en termos xerais, da comunicación entre a Universidade e o estudantado facía preciso acometer actuacións como o **desenvolvemento dunha canle de comunicación baseada nas redes sociais** e a **renovación e actualización da app da USC**, atinxida en decembro de 2019 (máis de 5.000 descargas desde o novo lanzamento ata o 1 de xuño) ou a **revisión e automatización de procedementos** xa posta en marcha neste curso.

Doutra banda, cumpría levar a cabo actuacións de racionalización do calendario académico abordando reunións entre os responsables do SUG para artellar solucións que xa comezaron a dar froitos no obxectivo de **harmonizar os períodos de finalización dos semestres**.

Na actualidade coordínase plenamente o calendario de admisión e matrícula en doutoramento. A USC xa prevé e realiza adaptacións do calendario xeral para os mestrados interuniversitarios e, para o vindeiro curso, prevé acometer, coa colaboración das outras universidades, un proceso de unificación do calendario de matrícula no SUG.

Foron obxecto de revisión os procedementos vencellados á mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico que aínda estaban pendentes de incluír na sede electrónica, entre eles:




FOTO App da USC.

- [Solicitud de prácticas externas extracurriculares do Consello Social](#) (12/02/20)
- [Solicitud de defensa da tese de doutoramento](#) (16/04/20)
- [Solicitud polo doutorando ou doutoranda para que a súa tese sexa defendida a través de medios telemáticos](#) (30/04/20)
- [Solicitud dun doutor ou doutora para ter acceso a unha tese durante o período de exposición pública](#) (30/04/20)
- [Solicitudes de futuros alumnos da USC previos á primeira matrícula](#) (29/07/2020)
- [Solicitud de recoñecemento de actividades e competencias transversais](#) (25/02/2019)
- [Solicitud de validación parcial de estudos estranxeiros](#) (19/02/2019)
- [Solicitud de inscrición de acceso a grao para maiores de 40 anos](#) (11/02/2019)
- [Devolución de taxas e prezos públicos](#) (05/02/2019)
- [Solicitud de transferencia de créditos](#) (25/02/2019)
- [Simultaneidade de estudos](#) (20/02/2019)
- [Matrícula extraordinaria](#) (20/10/2019)
- [Admisión para matrícula na modalidade de visitante](#) (20/10/2019)
- [Traslado dun expediente da USC a outra universidade española](#) (01/03/2019)
- [Expedición de duplicados de títulos e diplomas](#) (20/10/2019)
- [Equivalencia de títulos estranxeiros para acceso a máster e doutoramento](#) (21/03/2019)

Na actualidade a maioría dos procedementos externos e internos tramítanse a través da sede ou ben, para trámites internos, a través de formularios da intranet da USC. Neste momento están funcionando 108 procedementos e están finalizados, só pendentes de implantación, outros oito. Todos os procedementos que se deseñan na actualidade son para realizar trámites por internet e inclúense na sede electrónica, que debe ser a canle ordinaria de tramitación de solicitudes.

A adaptación progresiva da oferta do Centro de Linguas Modernas fíxose tanxible coa celebración de 147 cursos nos que participou un total de 1.032 estudantes. As probas de competencia lingüística acolleron 898 persoas.

1.4 TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

A busca da excelencia nos procesos docentes e de xestión da calidade deben reflectirse en resultados que melloren a percepción dos usuarios dos diferentes servizos da Universidade.

Neste senso, téñense acadado diversos fitos entre os que xa podemos destacar como consolidados:

Potenciose a liña de acreditación institucional:

- Pasando a ter **7 centros acreditados**, unha vez incorporadas a EPSE e Fac. de Ciencias (07/18), Fac. de Bioloxía e Fac. de Psicoloxía (10/18) e Fac. CC Comunicación e ADE (09/19)
- Están adaptados aos requirimentos da acreditación institucional os Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) de 20 centros (01/20) e os outros 3 estarán para 09/20.

Impulso e mantemento de acreditacións internacionais:

- IChemE: para Grao e Mestrado en Enxeñaría Química (02/19).
- EUR-ACE: Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural; Grao en Enxeñaría Civil; Mestrado en Enxeñaría de Montes. (5/19).
- EAEVE: Grao en Veterinaria (06/19).
- EUR-ACE: Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria; Mestrado en Enxeñaría Agronómica (01/20).



FOTO Entrega premios Boas Prácticas.

Actuacións de benchmarking para estender as boas prácticas en materia de calidade:

- [1ª convocatoria de boas prácticas nos Centros](#) concedéndose 8 boas prácticas en xullo de 2019 a ETSE, Fac. Filoloxía, Fac. CC Comunicación, Fac. Química, Fac. Bioloxía, Fac. de Farmacia, Fac. de Veterinaria e Fac. de Psicoloxía.
- Creación do [repositorio de boas prácticas](#) co obxectivo de fomentar a cultura da calidade e estimular as iniciativas que desenvolven os centros neste campo.

Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento acaídos no proceso de mellora continua:


- Reunión do CEA coas responsables de calidade dos centros e os coordinadores de grao e mestrado (xuño de 2019) para analizar os indicadores, dando como resultado a eliminación de 6 indicadores (redución do 12%) e a modificación doutros 6.
- Renovación da aplicación de Calidade coa introdución de 59 melloras (decembro 2019).
- Remisión de datos de empregabilidade da AC-SUG desglosados por titulacións tanto de Grao como de Mestrado.



COMPROMETERSE CO PERSOAL

“*O persoal da USC constitúe un dos seus activos esenciais e unha das súas principais fortalezas. Co fin de responder aos novos desafíos é preciso elaborar un plan de renovación do cadro de persoal de PDI e PAS e adoptar medidas de recoñecemento do seu esforzo que reafirmen a súa motivación e o compromiso coa institución.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS






ACCIÓN COMPLETADAS



ACCIÓN EN PRAZO



ACCIÓN CON AMPLIACIÓN DE PRAZO



2.1 DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL (PDI E PAS)

Vertebrar as actuacións precisas para garantir unha axeitada **renovación xeracional** supón un obxectivo chave na preparación da USC para o futuro. Neste senso xa foron definidos os indicadores que deben permitir medir a evolución do obxectivo de captación de novo profesorado e tense comezado o proceso de incorporación paulatina a tarefas docentes do persoal de investigación captado a través de programas competitivos de recursos humanos.

A gráfica reflicte o aumento significativo das prazas de PDI, practicamente ao dobre con respecto ao curso 2018-19. A aposta pola figura do axudante doutor obsérvase na evolución desde os 16 do curso 2018-19 a un valor superior ás 40 prazas nos dous cursos seguintes. O compromiso de estabilización dos contratados ao abeiro do programa ReC: no curso 2019-20, 5 das prazas de contratado doutor e 3 das prazas de profesorado titular corresponden á estabilizacións destes investigadores. Ademais, destes 32 novos titulares no curso 2019-20, 8 son de profesorado titular de prazas asistenciais vinculadas.

Os datos do curso 2020-21 corresponden á oferta da OPE 2020 aprobada no CG do 22 de maio de 2020.

A situación do cadro de persoal das categorías con contrato permanente (PCD, TU, CU), facendo unha análise por idade e xénero vese reflectida neste gráfico. A idade media do profesorado permanente na devandita data é de 55,47 anos.

A **preservación das oportunidades de promoción interna** tamén tivo a súa resposta na acometida de procedementos que tratan de mellorar os criterios de asignación (promoción e estabilización) de prazas como os establecidos no **Plan Plurianual de Profesorado** (aprobado en marzo de 2019) ou o **Regulamento de asignación de prazas de CU** pola quenda de promoción interna, aprobado en CG en xullo de 2019 e modificado en abril de 2019 e a **Dotación de prazas de CU, TU, PCD para posibilitar a promoción do PDI**.

O [borrador do Plan de PAS](#) foi definido en 2019, atendendo as cuestións que se incluírán na programación plurianual: plan de promoción, renovación xeracional, reordenación da relación de postos de traballo, estabilización e redución da precariedade e a definición da carreira profesional.

Nas seguintes ligazóns poden ser consultadas as OPE's [2018](#) e [2019](#) e [2020](#).

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PDI




GRÁFICO Evolución da captación e promoción do PDI.

SITUACIÓN DOS PDI




GRÁFICO Radiografía da situación dos PDI a 30/06/2020.

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PAS




GRÁFICO Evolución da captación e promoción do PAS.

2.2 ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL ÁS NECESIDADES DA USC

A elaboración e aprobación da [nova RPT de PDI](#) (decembro de 2019) pon de manifesto a importancia dada á actualización da relación de postos de traballo de PAS e PDI. Este avance debe vir acompañado da creación dunha RPT específica de investigación e un marco xeral das condicións de traballo poñendo o foco no desenvolvemento da Lei da Ciencia e na harmonización das categorías de contratación.

Aprobouse o Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación, o que supón un paso decisivo para a carreira investigadora na USC.

2.3 ACTUALIZAR A NORMATIVA DE PERSOAL

No apartado de regulamentos, conseguíronse importantes avances. Ademais dos **cambios de áreas previstos no Regulamento de PDI**, foron revisados diferentes aspectos dentro do obxectivo de **regular a selección do profesorado**:

- [Regulamento de selección de profesorado non permanente](#) no CG do 08/04/19
- [Regulamento de selección de profesorado permanente](#) no CG 27/09/19
- Aplicación informática para procesos selectivos de PDI, que permitiu a celebración de concursos por vía telemática:
 - Módulo de solicitudes de profesorado non permanente (07/19)
 - Módulo de solicitudes de profesorado permanente (10/19)
 - Módulo da xestión da documentación polas comisións de selección (04/20).

Tamén a [regulación do profesorado emérito](#) (Regulamento Eméritos CG 18/07/19) e ad honorem (Regulamento [ad-honorem](#) CG 29/10/19) foi acometida con éxito no presente curso.



FOTO Laboratorios da USC.



FOTO Docente da USC.

2.4 REFORMULAR A CUANTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN NA XORNADA LABORAL

A definición dos novos criterios que deben permitir mellorar a valoración das actividades docentes, investigadoras e de xestión completouse co cálculo para as necesidades das áreas co obxectivo de garantir un mínimo coñecemento das actividades que deberá ser reflectido no PAA de 2020-21.

2.5 DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PERSOAL

Os avances na promoción e regulación das actividades de mentorización na docencia no marco das prácticas extracurriculares vense reflectidos na redacción do primeiro borrador do Programa de Mentorización co obxecto de definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI.


Ademais, consolidouse a aposta pola formación para PAS orientada á adquisición de novos coñecementos e destrezas para facilitar a súa promoción profesional e a consolidación do emprego, coa realización de 60 cursos de formación interna nos que participaron 970 persoas sumados aos 26 cursos de formación externa impartidos a 510 persoas.

2.6 FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

Para rematar con este eixe dedicado ao compromiso co persoal, cómpre subliñar as accións que xa están en curso coa confianza no cumprimento dos prazos previstos en obxectivos como a introdución da **flexibilidade horaria** (xa en marcha o Proxecto Piloto Evalos de PAS e PDI, implantado o 1 de xaneiro de 2019 no PAS) e a definición da modalidade de Teletraballo (cómpre destacar neste senso o Regulamento do teletraballo durante o confinamento derivado da Covid-19) ou a regulación do **dereito á desconexión laboral e dixital**.


Durante o período de alarma definíronse as características do traballo non presencial. **Para o teletraballo fíxose unha proposta sobre un programa experimental que foi negociada e acordada coa representación dos traballadores.**

DATOS DE REXISTRO DO PAS NO PROGRAMA PILOTO EVALOS (2019)



*Para o cálculo destas porcentaxes exclúese o absentismo xustificado (derivado de incapacidades temporais, reducións de xornada, permisos retribuídos, vacacións e asuntos propios).

DATOS DE REXISTRO DE PDI NO PROGRAMA PILOTO EVALOS (2019)



*Neste caso hai que ter en conta que no mes de marzo só había 4 centros realizando o rexistro e que a incorporación do resto fíxose con atraso sobre o calendario previsto. Ademais a docencia expositiva e interactiva rematou a mediados de maio.



FOTO Sesión de teletraballo na USC.

3



POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

“
Cómpre impulsar accións e
estratexias para consolidar a
imaxe da Universidade de Santiago
de Compostela na sociedade e
para convertela nun símbolo de
coñecemento, cultura e innovación,
como motor da sociedade galega
e como referente de calidade
internacional nun mundo
globalizado.

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	2020
3.1 INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES						
3.1.1 Colaboración cos Concellos de Lugo e Santiago						
3.1.2 Desenvolvemento do planeamento urbanístico						
3.1.3 Análise da situación dos campus e dos resultados dos convenios de colaboración asinados cos concellos						
3.1.4 Creación dun hub						
3.1.5 Promoción das cátedras institucionais						
3.1.6 Creación dun observatorio CTEM						
3.1.7 Posta en marcha dun programa de educación patrimonial						
3.2 POTENCIAR O USO DA LINGUA EN TODOS OS ÁMBITOS						
3.2.1 Elaboración, posta en marcha e avaliación dun novo plan de normalización lingüística						
3.2.2 Elaboración dun novo regulamento de usos lingüísticos universitarios						
3.2.3 Fomento do papel da CNL do Claustro						
3.2.4 Participación na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística						
3.2.5 Fomento do coñecemento, uso e prestixio da lingua galega na sociedade						
3.2.6 Sensibilización da opinión pública sobre o valor e a importancia do patrimonio lingüístico de Galicia						
3.3 AVANZAR NA IGUALDADE E NA SUSTENTABILIDADE						
3.3.1 Inclusión en todas as políticas, unidades, servizos e programas da universidade dos valores da inclusión						
3.3.2 Elaboración do novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidade entre Mulleres e Homes						
3.3.3 Elaboración dun Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS)						
3.3.4 Impulso dunha política de plásticos 0						
3.3.5 USClima. Elaboración dun plan de acción polo clima						
3.3.6 USC saudable e xusta						
3.3.7 Campus Sustentables						
3.3.8 Avaliación mediante estudos de público						
3.4 PROFUNDIZAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA						
3.4.1 Revisión da presentación da información na páxina web						
3.4.2 Creación da figura de responsable de accesibilidade á información						
3.4.3 Adaptación da publicación de actos á lexislación de protección de datos						
3.5 ELABORAR UNHA NOVA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E DE IMAXE INTERNACIONAL						
3.5.1 Elaboración dun plan de comunicación						
3.5.2 Creación dunha app institucional						
3.5.3 Renovación do modelo da páxina web						
3.5.4 Elaboración dun novo manual de imaxe corporativa						
3.5.5 Racionalización das canles de comunicación internas e externas						
3.6 IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE A UNIVERSIDADE NA VANGARDA						
3.6.1 Oferta á comunidade universitaria dun amplo programa pedagóxico						
3.6.2 Desenvolvemento dun programa de axudas a proxectos para agrupacións de teatro e danza						
3.6.3 Desenvolvemento dun programa de difusión pública das actividades						
3.6.4 Posta en marcha e desenvolvemento dun plan de difusión e posta en valor do patrimonio histórico-artístico da USC						
3.7 DINAMIZAR AS RELACIÓNS DOS DEMAIS ÓRGANOS DA UNIVERSIDADE CO CONSELLO SOCIAL						
3.7.1 Presentación e debate no Consello Social das accións						
3.7.2 Dinamización da colaboración cos axentes integrantes do Consello Social						
3.8 IMPULSAR O SISTEMA DE XESTIÓN DA SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E DE PROTECCIÓN DE DATOS						
3.8.1 Creación da Área de Seguridade da Información						
3.8.2 Deseño e implantación dun Sistema de Xestión da Seguridade da Información						
3.8.3 Desenvolvemento, aprobación e execución dun plan de tratamento do risco						
3.8.4 Elaboración dun plan de formación e concienciación						
3.8.5 Colaboración na formación do estudiantado da USC						
3.8.6 Realización de auditorías externas de verificación						
3.8.7 Rexistro, coordinación, realización e auditoría das actividades relacionadas coa protección de datos						
3.8.8 Establecemento de protocolos para novos tratamentos e para a coordinación co Delegado de Protección de datos						
3.8.9 Elaboración de modelos-tipo						




ACCIÓNS COMPLETADAS



ACCIÓNS EN PRAZO



ACCIÓNS CON AMPLIACIÓN DE PRAZO



3.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

Comprender o rol que a Universidade debe asumir dentro do ecosistema social do que forma parte supón un compromiso por integrarse nas cidades que acubillan os seus Campus.

Durante o ano 2019 volveuse activar o diálogo entre o Concello de Santiago e a USC e os Concellos de Santiago e Lugo para discutir medidas de conservación do Campus, a mellora da seguridade e o deseño dun plan de mobilidade sustentable, e constituíuse unha comisión de seguimento para dar continuidade á colaboración entre as institucións.

No marco destas conversas, pódense destacar algúns dos compromisos adquiridos:

- Compromiso do Concello de Santiago para a mellora da urbanización do Campus e actuacións de conservación, cunha dotación prevista nos orzamentos de 2020.
- Posta en marcha dunha senda segura contra a violencia de xénero no Campus de Santiago.
- Desde a Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural do Concello de Santiago e a Xerencia da USC impulsáronse os traballos iniciais para a ordenación da situación patrimonial das vías e zonas verdes do campus.

- Acordo coa concesionaria da subministración de auga a separación completa da rede da USC, paso previo para a transferencia completa das subministracións das vías e zonas verdes ao Concello.

- [Convenio de colaboración co Concello de Ames](#) que inclúe medidas para favorecer a mobilidade, a transferencia e o emprendemento, así como a posta en valor do coñecemento da USC nos proxectos nos que está implicado o Concello.

- Inicio dos contactos con Concello de Lugo para obter un convenio de colaboración análogo ao existente en Santiago de Compostela.

- Asunción do mantemento de zonas verdes do Campus de Lugo por parte do Concello no ano 2020.

Outro dos obxectivos marcados reside na creación de hubs que permita incidir no tecido produtivo e social da área de influencia dos Campus. Neste termos destacan o [Polo de Innovación Dixital para o Sector Agroalimentario de Galicia](#) (Campus Terra) e o [Hub DATA-life constituído o 31 de outubro de 2019](#) co obxecto de impulsar o valor de Galicia como biorrexión europea de referencia en 3 focos estratéxicos: biorrecursos,



FOTO Visita ás novas instalacións das Cátedras Valle-Inclán e José Valente.

sustentabilidade e saúde. Os socios fundadores de DATALife son BIOGA, ANFACO-CECOPESGA, CESGA, Cluster Saúde de Galicia, Cluster TIC de Galicia, CZ Veterinaria, FINSA, Gradient, Televés e a Universidade de Santiago de Compostela.

A promoción das cátedras institucionais estivo moi presente, con algúns fitos destacables:

- [Novo regulamento da creación de cátedras.](#)
- Novas cátedras creadas: [Cátedra Institucional de Cronicidade](#) patrocinada por Otsuka Pharmaceutical, Bahia Software, Daiichi-Sankyo e Philips Ibérica, [Cátedra Institucional de Investigación Renal](#) con la Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo (FRIAT) e Cátedra “TiCare en investigación en osteointegración e terapéutica con implantes coa empresa MOZO GRAU S.A. (TICARE)
- Cátedras reactivadas: Cátedra Institucional da Cruz Vermella, [Cátedra Iberoamericana](#) e Colaboración para a dotación [de espazos específicos ás Cátedras Valle-Inclán e Jose Angel Valente](#) na Fac. de Filoloxía coa disposición dunha exposición permanente dos seus fondos.
- Cátedras renovadas: Cátedra do Camiño e as Peregrinacións e Cátedra da Lingua e Cultura Española.

3.2 POTENCIAR O USO DA LINGUA EN TODOS OS ÁMBITOS

Defender a importancia social da lingua galega e fomentar a súa normalización nos diferentes ámbitos nos que a USC ten a capacidade de intervir adquirir un rango de obriga, máis que de obxectivo, para unha institución que debe velar polo fomento da cultura galega.

O obxectivo de acadar un Plan de Normalización Lingüística ten parte do camiño andado, co Estudo Sociolingüístico levado a cabo no mes de febreiro e a redacción do borrador do Plan de accións enviado á CNL do claustro en maio de 2020.

Ese rol de embaixador da USC como axente dinamizador da lingua galega na sociedade veuse reflectido en fitos como:

- A dotación para continuar co [Premio Luis Porteiro Garea.](#)




FOTO Posta en marcha do programa ESENCIAIS.

- A Posta en marcha do [programa ESENCIAIS](#) para dotar de documentación científica ao alumnado en lingua galega.
- A Posta en marcha do dominio “.gal”, presentado co gallo do [Día das Letras galegas de 2019](#), dedicado a Antonio Fraguas.

As redes sociais tamén supoñen unha canle estratéxica para a sensibilización da opinión pública sobre o valor e a importancia do patrimonio lingüístico de Galicia. Accións como a participación no [proxecto Youtubeir@s](#) ou os vídeos publicados na canle de Youtube da USC responden aos obxectivos definidos neste eido, que tamén deixa lugar a actos conmemorativos como o levado a cabo [en honor a Ricardo Carvalho Calero](#), autor protagonista do Día das Letras Galegas deste ano 2020.

3.3 AVANZAR NA IGUALDADE E NA SUSTENTABILIDADE

Educar na igualdade non só se reflicte nas intervencións a levar a cabo no eido da docencia, senón que supón un compromiso por predicar co exemplo en cada xesto e oportunidade que se presenta. Neste senso destaca o mantemento das liñas de traballo que xa tiña a Oficina de Igualdade ou as accións de formación, sensibilización e investigación no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Así mesmo, o obxectivo de establecer un novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes empezou a ter resposta coa creación da Comisión de Traballo.

Seguindo no contexto da promoción da igualdade tamén cómpre destacar a apertura dunha liña de in-



FOTO Encontro Internacional de reitores no Camiño de Santiago.



FOTO VIII Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento, Coñecemento e Compromiso Social ante os retos globais.

investigación sobre violencia de xénero xa con dúas edicións financiada con fondos do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero ou a Organización do XIII encontro [da Red de Unidades de Igualdade de Género para la Excelencia Universitaria \(RUIGEU\)](#).

No plano da sustentabilidade, a USC asumiu o compromiso de situarse na vangarda da economía circular. Queda moito por facer, pero cabe salientar algunhas actuacións levadas a cabo:

- Formación do equipo e xefes de servizo en materias vencelladas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- [Organización do Encontro Internacional de Reitores no Camiño de Santiago](#). (9-11 de outubro de 2019), coa participación de 25 universidades europeas e americanas, do Alto Comisionado para a Axenda 2030 do Goberno de España.
- [Sinatura da Declaración Solemne “Ribeira Sacra” de Reitores no Camiño de Santiago](#).
- [Sinatura do compromiso das tres universidades galegas a prol da Axenda 2030](#).
- Celebración do [VIII Congreso Universidade e COOPERACIÓN ao Desenvolvemento, Coñecemento e Compromiso social ante os retos globais](#), con preto de 300 asistentes e representación de case todas as universidades españolas e de 7 países.
- Convenio de colaboración coa hostalaría para que as cafeterías dos campus evolucionen a plásticos cero.
- Actualización do [sistema de cesión de equipamento informático](#).

- Planificación dun proxecto piloto de recollida dos Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) nos Campus de Santiago en colaboración con Revertia.
- Sinatura, no marco da CRUE, [da declaración de emerxencia climática Global Universities and Colleges for the Climate](#).
- Presentación dun proxecto á Fundación Biodiversidade (decembro 2018): “Adaptación al cambio climático de las instituciones de educación superior. Fortalecimiento de la Universidad de Santiago de Compostela (USC) (USClima)”. Foi denegado, co que agora se vai considerar un Interreg ou un LIFE.
- [Participación activa no CLIMATHON 2019 en colaboración coa Xunta de Galicia](#).

A mobilidade e a accesibilidade supoñen outro cabalo de batalla acubillado na iniciativa “Campus Sustentables!”. Destacan as seguintes actuacións:

- Memorándum que se entregou ao Concello de Santiago para as accións de humanización no campus.
- Primeiras obras no Campus Vida, entre a zona de ETSE e Emprendia.
- Mellora de accesibilidade ao estadio de atletismo para favorecer a participación de persoas con mobilidade reducida.
- Asesoría con COGAMI para mellorar a accesibilidade no conxunto de campus.

3.4 PROFUNDIZAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA

Desenvolver o portal de transparencia e mellorar a presentación da información institucional son os grandes obxectivos nesta liña de actuación. A posta a disposición dun portal de transparencia insírese no proceso de implantación do novo sitio web da USC e xa se deron os primeiros pasos para a súa integración nel. Ata o momento realizouse un informe sobre os contidos e a estruturación da información que debe figurar no portal e levarase a cabo o proceso de integración unha vez que a nova web institucional estea na segunda fase do seu desenvolvemento.

A cultura da transparencia esixe tamén prestar atención ao aspecto da accesibilidade, que está a considerarse nos distintos estadios de implantación da web institucional. Nesta materia procedeuse por resolución reitoral do 12 de decembro de 2019 á determinación da unidade responsable de accesibilidade web e aplicacións móbiles (URA) na USC e do seu titular responsable. Tamén se elaboraron, conforme ao esixido normativamente, os formularios sobre accesibilidade web para que os usuarios poidan presentar a súas demandas, queixas, suxestións ou reclamacións neste eido.

Para adaptar a publicación de actos á lexislación de protección de datos persoais ditouse a [Instrucción da Secretaría Xeral 3/2019](#), do 4 de decembro, sobre accesibilidade e garantía de protección de datos persoais nas publicacións no taboleiro electrónico de anuncios da USC. Finalmente cómpre salientar que actualmente está estendida a utilización do Taboleiro Electrónico e das restantes **ferramentas de administración electrónica aos centros e departamentos**.

3.5 ELABORAR UNHA NOVA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E DE IMAXE INTERNACIONAL

O feito de adiar o prazo para a consecución dun actualizado Plan de Comunicación interna e externa da USC non foi obstáculo para afondar en actuacións de consideración, [como a creación dunha app institucional](#), atinxida en decembro de 2019, que en só 6 meses acadou a cifra de 5.260 descargas.

Coincidindo co lanzamento da app [presentouse o novo portal web da USC](#) coa intención de actualizar a súa relación coa comunidade académica e a súa contorna.




FOTO Capturas da app.

3.6 IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE A UNIVERSIDADE NA VANGARDA

O compromiso de defensa e fomento da cultura pasa por ser un dos sinais de identidade da USC. Algúns exemplos desta aposta, malia a afectación da crise provocada pola Covid-19:

- Programación cultural da USC nos dous campus.
- Plan de axudas cun maior desenvolvemento de actividades e a definición dunha maior achega económica.
- Facebook en cultura (outubro de 2019)
- Deseño das actividades no marco do bicentenario de Concepción Arenal.
- Avaliación e diagnóstico do estado de conservación do patrimonio histórico-artístico.
- Catalogación e preservación do patrimonio histórico-artístico.
- Programa de educación patrimonial.
- Posta en marcha do proxecto USCénica.
- Posta en marcha do proxecto Musicalizate.



FOTO Consello Social en xuño de 2020.

3.7 DINAMIZAR AS RELACIÓNS DOS DEMAIS ÓRGANOS DA UNIVERSIDADE CO CONSELLO SOCIAL

Garantir a implicación do Consello Social nos retos estratéxicos da USC e o aproveitamento deste como órgano de conexión coa sociedade require de actuacións concretas que deben culminar en convenios e acordos de colaboración, ademais do propio labor de aprobación ou informe no exercicio das competencias que ten atribuídas como órgano de goberno da Universidade.

Neste senso, no último ano tiveron lugar diversas reunións do [Consello Social](#) nas que **se someteron a análise e debate diversas actuacións por parte do Goberno da USC**. Entre as de carácter estratéxico no ámbito da planificación económica, de infraestruturas e de transferencia de coñecemento, procede salientar a aprobación, tras o correspondente debate, da Programación Plurianual para o período 2019-2022 na sesión do día 26-06-2019, así como a incorporación á mesma do Plan de Infraestruturas na sesión do 27-12-2019. Nesta mesma sesión aprobouse tamén a participación da USC no Hub de Innovación Dixital DATALIFE. Tamén se presentou e aprobou o Plan Económico-Financeiro 2019-2020 na sesión deste órgano do 19-02-2020. Así mesmo, presentouse un informe sobre a creación de empresas de base tecnolóxica na USC ante o Consello Social na sesión do 23-06-2020. Finalmente someteuse a aprobación a Conta Anual de 2019 na sesión do día 30-07-2020 e proporcionouse información adicional sobre a mesma na sesión deste órgano do 29-09-2020.

No plano das relacións dos órganos unipersoais de goberno co Consello Social deben poñerse en valor os contactos mantidos coa Presidencia deste órgano no proceso de elaboración do seu Plan de Actividades para o período 2020-2023. Este Plan recolle diversas liñas de actuación que implican na súa execución, en maior ou menor medida, ao goberno da Universidade no seu conxunto.

Debe destacarse tamén a recuperación da relación entre a USC e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC que dá os seus primeiros pasos coa formalización dun convenio de colaboración entre ambas as dúas partes, despois de que o Consello Social expresara na sesión do 2 de xuño de 2020 o seu interese nesta iniciativa, financiada polo propio Consello.

3.8 IMPULSAR O SISTEMA DE XESTIÓN DA SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

Co obxecto de cumprir cos requirimentos do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) **creáronse a área de Seguridade da Información e o posto de responsable de Seguridade da Información** por acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2019 e contratouse unha asistencia técnica para a implantación dun Sistema de Xestión da Seguridade da Información adaptado ao Esquema Nacional de Seguridade. Finalizouse a fase PLAN e aprobouse un novo documento de Política de seguridade da Información por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020. Neste momento está executado en torno ao 25% do proxecto, cuxo remate está programado para o primeiro semestre de 2022, data na que se prevé acadar un 80% de cumprimento dos requirimentos do ENS, que é a porcentaxe a acadar para o nivel medio de risco no que se sitúa a nosa Universidade. Actualmente o grao de cumprimento sitúase nun 48%.

Dentro dos traballos de adaptación ao ENS fíxose unha primeira análise de riscos e implantáronse medidas correctivas. Tamén se realizaron accións de concienciación dirixidas á alta dirección e aos responsables de seguridade. Polo que se refire á comunidade universitaria, na actualidade estanse deseñando accións de concienciación e formación adaptadas á actual situación derivada da COVID. Neste momento xa está dispoñible a aplicación informática SANDAS GRC para a xestión dos temas relacionados coa seguridade da información.

No plano da protección de datos, **establecéronse protocolos para novos tratamentos, elaborouse un protocolo para a coordinación co Delegado de Protección de Datos no marco da nova Política de Seguridade** e tamén se aprobaron novos modelos no Comité de Seguridade da Información para garantir o cumprimento da normativa vixente.



FOTO A mobilidade e a accesibilidade conforman o pilar da iniciativa "Campus Sustentables".



4

SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

“
*O avance do coñecemento e a súa
 contribución ao desenvolvemento
 da sociedade está no ADN da USC.
 A nosa oferta académica debe
 estar en plena consonancia coas
 demandas e necesidades da sociedade.
 As estruturas de investigación
 deberán dar resposta aos retos da
 multidisciplinaridade, potenciando a
 fortaleza das cinco Grandes Áreas.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019
4.1 ELABORAR O PLAN ESTRATÉXICO DA USC PARA O PERÍODO 2021-2030				
4.1.1 Mapeado da carga de xestión nos diferentes centros				
4.1.2 Mapeado do desempeño docente vs. produción investigadora en cada unha das áreas				
4.1.3 Estudo dos efectos da implantación do Plan Boloña no estudantado				
4.1.4 Elaboración do Plan Estratéxico				
4.1.5 Análise e definición da demanda das competencias que os novos retos da sociedade requirirán dos futuros profesionais				
4.2 REDEFINIR A OFERTA DE TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO				
4.2.1 Análise da oferta actual de titulacóns de grao e mestrado				
4.2.2 Análise de demanda e viabilidade de impartir títulos semipresenciais ou non presenciais				
4.2.3 Definición dun mapa estratéxico de titulacóns				
4.2.4 Valoración da posible implantación de graos e mestrados duais				
4.2.5 Incorporación á oferta de titulacóns da USC de dobres títulos de grao e/ou mestrado				
4.2.6 Potenciación das colaboracións e sinerxías entre titulacóns				
4.2.7 Deseño dun módulo de prácticas en empresas				
4.3 DESENVOLVER E VISIBILIZAR OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO				
4.3.1 Racionalización da oferta dos estudos de doutoramento				
4.3.2 Mellora da accesibilidade da información relativa ao doutoramento				
4.3.3 Elaboración dun plan de captación de alumnado nacional e internacional				
4.3.4 Asinamento de convenios de colaboración con universidades estranxeiras				
4.3.5 Reestructuración organizativa das Escolas de Doutoramento				
4.3.6 Participación na definición dunha estratexia unificada dentro do SUG				
4.3.7 Elaboración dun mapa das capacidades formativas e tecnolóxicas da USC				
4.3.8 Revisión da normativa do doutoramento				
4.3.9 Adaptación do calendario da matrícula de doutoramento				
4.3.10 Elaboración dun modelo de informe de seguimento específico para o doutoramento				
4.4 ADECUAR A OFERTA DE PRAZAS NAS TITULACIÓNS ÁS NECESIDADES SOCIAIS				
4.4.1 Análise e deseño da oferta de prazas				
4.4.2 Difusión de títulos do Campus de Lugo				
4.5 CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS				
4.5.1 Revisión do Regulamento de Estudos Propios da Universidade				
4.5.2 Difusión dos estudos propios e de formación continua				
4.5.3 Focalización do control de calidade realizado pola Comisión de Estudos Propios				
4.5.4 Apoio aos mestrados e cursos de especialización xa consolidados				
4.5.5 Procura da internacionalización do alumnado e de edicións no estranxeiro de cursos propios da USC				
4.5.6 Axilización da tramitación de propostas de novos cursos				
4.5.7 Articulación e posta en marcha dun programa flexible de formación a demanda de entidades externas á USC				
4.5.8 Promoción desde CEP e IV Ciclo de cursos breves				
4.6 PROMOVER OS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
4.6.1 Elaboración de novos Plans Estratéxicos dos campus de especialización (Campus Vida, Campus Terra, Campus da Cidadanía)				
4.6.2 Promoción de estruturas interuniversitarias				
4.6.3 Apoio aos Centros Singulares de Investigación				
4.6.4 Impulso a novas unidades de excelencia en investigación				
4.6.5 Implantación dun novo CRIS (Current Research Information System)				
4.6.6 Definición e regulación, de ser o caso, das distintas estruturas de investigación				
4.6.7 Reorganización dos centros propios de investigación				
4.7 ELABORAR UN PLAN DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR				
4.7.1 Incorporación de persoal investigador con perfil competitivo				
4.7.2 Incentivación á incorporación de novos perfís científicos críticos en áreas de I+D				
4.7.3 Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador				
4.7.4 Análise e monitorización pormenorizada da estrutura de PDI				
4.7.5 Plan de captación de PDI (incluído nas accións 2.1.1, 2.1.2, 4.7.1 e 4.7.2)				
4.8 REFORZAR OS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN				
4.8.1 Actualización do mapa de infraestruturas e servizos de apoio á investigación				
4.8.2 Desenvolvemento de novos servizos de apoio á investigación nas áreas de ciencias sociais e humanidades				
4.8.3 Mellora da competitividade e do marco organizativo das plataformas tecnolóxicas				
4.8.4 Desenvolver a oferta de servizos do CEBEGA				
4.8.5 Desenvolvemento e optimización dos servizos web da Vicerreitoría de Investigación				
4.8.6 Elaboración, aprobación e implementación da nova estrutura organizativa da BUSC				
4.8.7 Establecemento da Política de Acceso Aberto na USC				
4.8.8 Valoración, adquisición e implantación de novos sistemas de xestión integrada da BUSC e AHUS				
4.9 MELLORAR A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN				
4.9.1 Reforzamento do programa "Acelerador de Transferencia"				
4.9.2 Integración e harmonización das accións orientadas á creación de empresas de base tecnolóxica e emprendemento				
4.9.3 Apostar pola incubación de empresas nos sectores agroalimentario e biotecnolóxico				
4.9.4 Programa de intensificación da transferencia en CCSS e HH				
4.9.5 Introducción de accións de innovación na Granxa Experimental Gaioso Castro e na Aula de Productos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)				




ACCIÓN COMPLETADAS



ACCIÓN EN PRAZO



ACCIÓN CON AMPLIACIÓN DE PRAZO



4.1 ELABORAR O PLAN ESTRATÉXICO DA USC PARA O PERÍODO 2021-2030

Definir o presente da institución pensando no futuro require un traballo analítico moi polo miúdo que permita obter a información máis precisa de cara a unha axeitada toma de decisións. Entre as liñas de actuación despregadas neste eido podemos destacar:

- O mapeado da carga de xestión nos diferentes centros para analizar os efectos da implantación do Plan Boloña. O desenvolvemento do EEES supuxo un incremento notable das tarefas relacionadas coa xestión, de xeito especial aquelas relacionadas coa garantía de calidade e coa seguridade e a prevención de riscos.
- Mapeado do desempeño docente confrontado coa produción investigadora en cada unha das áreas, reflectindo a tipoloxía da produción científica no período 2013-2017 e unha detallada análise por áreas.
- Análise e definición da demanda das competencias que os novos retos da sociedade requirirán dos futuros profesionais. A recompilación de información para a creación do Observatorio de Empregabilidade e o mapeado coa análise de titulacións que puidesen aumentar a oferta en función da demanda (curso 2019-2020) foron actuacións incluídas neste eixo.




FIG Carga de xestión dos centros en función do número de estudantes de grao e mestrado, o número de titulacións e o número de membros que compoñen o equipo de xestión asociados a funcións que potencialmente estean relacionadas co sistema de garantía de calidade. O logo da USC define o valor medio e, polo tanto, permite definir catro cuadrantes en relación a media dos dous valores.

4.2 REDEFINIR A OFERTA DE TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO

Co obxecto de adaptar as titulacións existentes ás demandas e retos da sociedade, leváronse a cabo diferentes actuacións entre as que destaca o establecemento dun cadro de mando coas debilidades, fortalezas e oportunidades por cada centro e a implicación de cada vicerreitoría a raíz das visitas realizadas aos mesmos.

A incorporación ao mapa de titulacións da USC de dobres títulos, así como de graos duais como elemento de mellora da nosa oferta formativa tamén tivo resultados tanxibles:

- Aprobación en CG do Grao Dual en “Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira” que permitirá a incorporación da USC á área de Hospitality & Tourism Management do ranking de Shanghai.
- Aprobación en CG da creación dun dobre título na área de Enxeñaría Química entre a USC e U Concepción (Chile): Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos (USC) e Grado de Licenciado en Ciencias de la Ingeniería (Chile) que outorga o título profesional de Enxeñeiro Civil Químico.

- Aprobación en CG da creación dun dobre título na área de Enxeñaría Química entre a USC e a Pontificia Universidad Católica de Valparaíso: Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos (USC) e Grado de Licenciado en Ciencias de la Ingeniería (Chile) que outorga o título profesional de Enxeñeiro Civil Bioquímico.

A aposta polas dobres titulacións complementábase coa potenciación das colaboracións e sinerxías entre titulacións:

- Aprobación en CG da creación e autorización da Secretaría Xeral de Universidades do Mestrado en Planificación e Xestión Territorial, como reunificación dos Mestrados en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial (Fac. de Xeografía e Historia) e o Mestrado en Xestión Sostible da Terra e do Territorio (EPSE).
- Aprobación en CG e autorización pola Secretaría Xeral de Universidades do Mestrado Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (USC e UVigo), promovido dende a USC.




FIG Producción Científica da USC. Período: 2013-2017. Puntos: 125.648

• No ámbito da elaboración de titulacións conxuntas con institucións estranxeiras, destaca así mesmo a proposta de dous mestrados dentro do proxecto UNISF no marco INTERREG - POPTEC “[Universidades sen Fronteiras](#)”.

- Mestrado en Desafíos das Cidades Atlánticas (UDC, Universidade do Minho, Universidade do Porto, USC, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, UVigo).
- Mestrado en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (USC e Universidade do Minho).

Co obxecto de facer máis áxil e funcional a xestión das titulacións de grao e mestrado déronse os primeiros pasos para dotármonos dun módulo de prácticas en empresas adaptado ás lexislacións sectoriais e de protección de datos. Para tal fin creouse un grupo de traballo para determinar as necesidades funcionais neste ámbito, que deben ter a súa continuidade na posta en marcha do correspondente módulo informático.

No plano normativo, levouse a cabo a revisión da normativa de doutoramento coa aprobación do [Regulamento de Estudos de Doutoramento na sesión do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020](#), algo atrasada con respecto ás previsións iniciais debido aos cambios organizativos producidos na Escola de Doutoramento. Esta revisión supón unha racionalización dos distintos procesos administrativos asociados, mantendo os estándares de calidade.

Tamén se fixeron esforzos por adaptar o calendario de matrícula do doutoramento ás necesidades específicas deste ámbito. Neste sentido, xunto ás convocatorias ordinaria e de febreiro, existe unha convocatoria anticipada para estranxeiros e tamén se prevé un procedemento para cubrir as vacantes.

4.3 DESENVOLVER E VISIBILIZAR OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

A mellora da accesibilidade da información relativa ao doutoramento como unha das pedras angulares para fortalecer e visibilizar estes estudos é unha liña de actuación que contiña accións específicas.



FOTO Feira EHEF en Yakarta.

No último ano realizouse unha profunda actualización da [web do EDIUS](#), así como a súa tradución completa ao inglés, centralizando toda a información sobre os estudos de doutoramento.

Por outra banda, a oferta formativa a nivel de doutoramento difundíuse a través da participación da USC en diversas feiras, celebradas antes do inicio da pandemia da COVID-19:

- Feira Expoestudiante Ecuador-Perú (19-23 setembro)
- Feira ExpoPosgrados Colombia (14-18 novembro)
- International Fair “Education Abroad” Ucraia (15-17 novembro)
- EHEF Indonesia (8-13 novembro)
- Feira EuroPosgrados México (10-12 novembro)
- Feira “Estudiar en España” México (8-9 novembro).
- Feira NAFSA EEUU (27-31 maio)
- Feira NAJAH Abu Dhabi (31 outubro – 2 novembro)

Estas tarefas de visibilización estiveron acompañadas da reestruturación organizativa das catro Escolas de Doutoramento existen, co obxecto de evolucionar a unha única Escola. Esta reestruturación foi aprobada no CG do 28/5/2019 e materializada no DOG do 4/10/2019 coa publicación do [Decreto 118/2019, do 19 de setembro](#), polo que se crea na Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) e se suprime a Escola de Doutra-



FOTO ilustrando o programa Xuvecencia A Ponte.

mento Internacional en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, a Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde e a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía, creadas polo [Decreto 91/2017, do 21 de setembro](#).

No que se refire ás actuacións de índole organizativa dos estudos de doutoramento, podemos destacar dúas liñas de traballo no último ano.

- O fomento do doutoramento industrial:
 - Modificación do procedemento interno da USC para acadar a Mención de Doutoramento Industrial.
 - Elaboración, en coordinación coas outras universidades galegas, do borrador da convocatoria autonómica de axudas ao fomento dos doutoramentos industriais.
 - Actualización do mapa do tecido industrial da comunidade autónoma.
 - Análise da oferta e capacidade formativa da USC nos ámbitos máis demandados pola sociedade/tecido empresarial.
- O reforzo dos sistemas de xestión de doutoramento:
 - Posta ao día da normativa dos estudos de doutoramento tras o cambio de estrutura organizativa da Escola ([novo Regulamento de Réxime interno da EDIUS](#), novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, Código de Boas Prácticas da EDIUS, e simplificación de formularios e de certos procesos administrativos asociados á tramitación do depósito e lectura das teses e desenvolvemento do marco normativo e dos novos procedementos para a realización das solicitudes de depósito e admisión a trámite das teses de doutoramento e da súa defensa de xeito completamente telemático ou semipresencial).

- Harmonización, por acordo das tres universidades galegas, do calendario de matrícula nos estudos de doutoramento para o curso 2019-2020.

- Acordo entre as tres universidades do SUG para a elaboración dun modelo de informe e unha batería de indicadores mínima para os procesos de seguimento dos PD.

- Acordo de simplificación no procedemento de seguimento dos PD entre as tres universidades galegas e a ACSUG.

4.4 ADECUAR A OFERTA DAS PRAZAS NAS TITULACIÓNS ÁS NECESIDADES SOCIAIS

A posta en marcha de novas titulacións (Grao en Robótica, Grao en Bioquímica, Grao en Empresa e Tecnoloxía) supuxo a dotación de prazas nestes ámbitos. Ademais dos progresos na definición dun mapa estratéxico da oferta de prazas nas diferentes titulacións, cómpre salientar os avances producidos no deseño dun plan específico para a difusión das titulacións da USC:

- Campaña de matrícula (campaña en medios).
- Programas Xuvenciencia e A Ponte.
- Programa da Domus específico para alumnado de secundaria.
- Participación en feiras: UNITOUR Vigo, A Coruña, Oviedo e León; Aula de IFEMA; e UNIFERIA de CRUE.
- Celebración dos Encontros virtuais Zona USC.
- Recoñecemento mellores expedientes.
- USC Camiña.
- Xornada con directores/as e orientadores/as de centros de Ensino Medio de Galicia.

4.5 CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS

A ampla oferta da USC en mestrados propios, cursos de especialización, de formación continua e de formación a demanda ten como finalidade converter á Universidade nun referente para a formación continua e atender de maneira debida a demanda formativa por parte do tecido produtivo.

Co obxecto de ordenar a xestión integral da oferta docente dos títulos propios da USC e evitar a súa dispersión, iniciouse a revisión do Regulamento de Estudos Propios e do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Estudos Propios e puxéronse en marcha accións encamiñadas á difusión destes estudos e da formación continua::

- Compromiso de modificación dos Regulamentos, suxeita á finalización dos traballos informáticos e funcionais do módulo de Estudos Propios en XESCAMPUS.

Nº de cursos ofertados por servizos, centros e grupos de investigación da USC a través do CEP:

MESTRADO: 22
 ////////////////

ESPECIALIZACIÓN: 12
 ////////////////

FORMACIÓN CONTINUA: 78
 ////////////////

PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECÍFICA E A DEMANDA: 20
 ////////////////

A axilización da tramitación de propostas de novos cursos é outra das liñas de actuación dirixidas a garantir o seguimento e control de calidade dos estudos non oficiais. Neste ámbito, avanzouse na incorporación da oferta e xestión académica dos cursos propios a XESCAMPUS, con actuacións que permiten garantir un tempo medio máximo dun mes para a aprobación dunha proposta de curso propio.

4.6 PROMOVER OS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E NOVAS ESTRUTURAS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Concrétanse neste apartado os avances levados a cabo en torno aos obxectivos de artellar os campus de especialización coas estruturas docentes e de investigación e de reorganizar e revisar as estruturas de docencia e investigación, promovendo unha igualdade na facilidade de acceso a todos os investigadores independentemente do campus no que estean localizados.

Se ben as liñas de actuación son de certo percorrido, pódense subliñar avances neste eido como a redefinición do organigrama de gobernanza do Campus Terra ou a renovación dunha nova comisión do Campus da Cidadanía.

Elaborouse un sistema CRIS (*Current Research Information System*) para a difusión da actividade investigadora da USC, analizando de xeito pormenorizado os principais apartados da produción científica de cada un dos investigadores, grupos, departamentos, institutos de investigación e centros singulares. A Universidade participa nunha actividade conxunta coa Universidade de La Rioja, Burgos e Zaragoza para recoller a actividade investigadora de xeito automatizado das




FOTO Publicación da oferta de Mestrados na revista Air Nostrum.

principais bases de datos nacionais e internacionais; como por exemplo DIALNET, SCOPUS ou ISI WEB.

A implementación completa do CRIS terá lugar no primeiro semestre do curso 2020-21.

4.7 ELABORAR UN PLAN DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR

Asegurar a sustentabilidade e renovación xeracional dos ámbitos docente e investigador implica unha profunda análise e monitorización pormenorizada da estrutura de PDI que tivo resposta na sistematización da recollida de datos (semestral) e no seguimento da evolución da estrutura das categorías de PDI indefinida (PCD, TU e CU).

Resulta salientable, neste eido, o Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación asinado cos sindicatos e aprobado en CG en xullo 2020.

Outras actuacións postas en marcha son a normativa de contratación de investigadores postdoutorais baixo a modalidade contractual de investigador distinguido segundo a Lei da Ciencia, o establecemento de criterios de selección para as convocatorias da Xunta ou o Plan de captación específico para Robótica.

4.8 REFORZAR OS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

Se ben o groso de actuacións previstas no marco da oferta de servizos xerais, de infraestruturas e servizos de apoio á investigación nos distintos campus da USC conteñen fitos previstos de cara a 2022, pódense destacar algunhas accións completadas no último ano:

- Convenio de colaboración entre Plataforma Radiofísica e ROF CODINA.
- Inauguración do CEBEGA tras conseguir o servizo de 1ª licenza e inicio das actividades cos centinelas.
- Comunicación vía web da carreira investigadora e integración no novo modelo web co obxecto de captar novos ReC.



FOTO Captura da web do CRIS.



FOTO Instalacións do CEBEGA.



FOTO Granxa Experimental Gaioso Castro.

4.9 MELLORAR A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

Os grandes obxectivos para este eido residen en intensificar a transferencia de coñecemento, na aposta pola USC como polo biotecnolóxico de Galicia, en singularizar a transferencia nas áreas de Ciencias Sociais e Humanidades e en potenciar especificamente a transferencia no sector agroalimentario. A este último obxectivo responden o inicio das obras da Granxa Experimental Gaioso Castro, a creación da comisión de seguimento para a súa posta en marcha e a reestruturación da gobernanza da Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA).



5

PROXECTAR A USC POLO MUNDO

“
A USC é unha universidade
aberta ao mundo, cunha decidida
vocación e un enorme potencial
de internacionalización. Neste
contexto, cómpre traballar de forma
resolta e dende todos os sectores
da comunidade universitaria no
fortalecemento da súa imaxe e
visibilidade no exterior.

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
5.1 POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS						
5.1.1 Deseño dunha oferta de destinos actualizada						
5.1.2 Mellora do recoñecemento das actividades						
5.1.3 Consolidación do Centro de Benvida Internacional						
5.1.4 Creación de programas que faciliten a implicación das persoas en programas de mobilidade entrante						
5.1.5 Elaboración de estratexias en programas de mobilidade entrante e saínte para difundir a USC nos lugares de orixe						
5.1.6 Implementar a matrícula por Internet do alumnado de mobilidade entrante						
5.1.7 Aprobación dun sistema de recoñecemento de cualificacións para alumnado de intercambio		
5.1.8 Definición do cumprimento de requisito de idioma para o alumnado entrante	
5.1.9 Incorporación da expedición en bilingüe (inglés/galego ou inglés/castelán)						
5.1.10 Establecemento de mecanismos de comunicación máis eficientes		
5.2 INTERNACIONALIZAR A OFERTA DOCENTE DA USC						
5.2.1 Elaboración de itinerarios docentes específicos para o alumnado de fora da EEES						
5.2.2 Incremento da oferta académica en lingua inglesa						
5.2.3 Mellora dos procedementos e estratexias destinados a dar a coñecer a USC cara ao exterior						
5.2.4 Promoción por parte do profesorado e do PAS de competencia en lingua inglesa						
5.2.5 Elaboración dun mapa relacional						
5.2.6 Harmonización dos procesos administrativos						
5.2.7 Mellora do programa de atención titorial						
5.2.8 Mellora da funcionalidade da páxina web para facilitar a relación de procesos académicos e administrativos en inglés						
5.2.9 Deseño dun espazo de cooperación iberoamericano						
5.2.10 Programa de atención titorial para o alumnado Iberoamericano						
5.3 POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA AO EXTERIOR						
5.3.1 Potenciación da presenza internacional en redes sociais						
5.3.2 Mellora dos mecanismos de acceso á información e de comunicación						
5.3.3 Desenvolvemento das técnicas necesarias para xestionar de forma eficiente e eficaz as actividades						
5.3.4 Difusión de cara ao exterior						
5.4 COOPERAR PARA O DESENVOLVEMENTO INTERNACIONAL						
5.4.1 Incentivación da coordinación de proxectos internacionais de cooperación para o desenvolvemento						
5.4.2 Promoción da coordinación ou participación en consorcios de investigación e cooperación internacionais						




ACCIÓNS
COMPLETADAS



ACCIÓNS
EN PRAZO



ACCIÓNS CON
AMPLIACIÓN
DE PRAZO



5.1 POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS

Favorecer a mobilidade do estudiantado, PDI e PAS supón un obxectivo marcado como pedra angular dentro da estratexia de internacionalización da Universidade.

A aprobación pola Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos o 31 de xullo de 2019 **dun sistema de recoñecemento de cualificacións para o alumnado de intercambio** e a definición dos requisitos de idiomas esixidos para o alumnado entrante por un acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019 son exemplos das actuacións levadas a cabo dentro do obxectivo de revisar en profundidade os procedementos de xestión relacionados coa mobilidade, desenvolvendo as accións de formación necesarias para a súa posta en práctica. En relación co cumprimento dos mencionados requisitos de idiomas, anualmente organízanse os exames e o curso de formación correspondente.

Outra mostra dos avances producidos neste ámbito é a **definición do modelo para a expedición de certificados académicos bilingües** (inglés/galego ou inglés/castelán), cuxa implantación se producirá de inmediato.

De novo, cómpre subliñar a importancia que se outorga á dinamización da páxina web institucional e á creación da app da USC, que dota á institución de mecanismos de comunicación eficientes.

Nesta estratexia xoga tamén un papel fundamental o Centro de Benvida Internacional, que pasa a integrarse no recentemente creado Servizo de Captación Internacional, e cuxos obxectivos prioritarios son o deseño e implementación de actividades de captación de estudantes internacionais de grao, mestrado e doutoramento, a realización de actividades de atención ao estudiantado e persoal investigador internacional e o desenvolvemento de actividades de construción de marca.

5.2 INTERNACIONALIZAR A OFERTA DOCENTE DA USC

A posta en marcha dun itinerario docente para o alumnado internacional pon de manifesto a inquietude por deseñar unha oferta de calidade e máis atractiva para o estudiantado foráneo que debe ser referendado cun incremento da oferta académica en lingua inglesa e unha mellora dos procedementos para dar a coñecer a USC no exterior.

Un dos obxectivos prioritarios para o curso 2020-2021 é a elaboración dun mapa relacional que debe contribuir á promoción de titulacións dobres ou conxuntas con institucións estranxeiras que teñan carácter estratéxico para a USC. Cómpre salientar neste ámbito as propostas de dúas titulacións de mestrado (Desafíos das Cidades Atlánticas; Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais) e dous PD (Matemáticas e Aplicacións; Ciencias Sociais e Envellecemento)



FOTO Alumnado estranxeiro.

pertencentes ao proxecto “Universidade sen Fronteiras” (UNISF), no marco INTERREG – POPTEC.

Na liña das melloras orientadas a facer máis atractiva a oferta e máis áxil a xestión neste ámbito realizouse unha análise de necesidades para automatizar o proceso desde o asinamento dos acordos académicos ata a imputación das cualificacións nos expedientes dos estudantes.

A participación da USC no consorcio eMERGE (European University Alliance), cunha valoración de 79 puntos na convocatoria, non acadou financiamento, pero o consorcio mantense activo de cara á participación na vindeira convocatoria, o que amosa a implicación por mellorar a reputación e incrementar o impacto social a nivel internacional a partir da participación en consorcios de investigación e cooperación internacional.



FOTO Encontro con reitores de Uzbekistán (Proxecto ELBA).



FOTO Xornadas de emprendemento con universidades da India (Emprendia).

5.3 POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA AO EXTERIOR

Mellorar o coñecemento da Universidade a nivel internacional e facilitar o acceso á información e os mecanismos de comunicación son obxectivos chave que requiren da optimización no uso das canles institucionais.

Ademais do uso dos perfís en RRSS (Twitter, Instagram), pódese salientar a implementación dunha aplicación de “e-mailing” dirixida especificamente á captación de estudantes internacionais.

5.4 COOPERAR PARA O DESENVOLVEMENTO INTERNACIONAL

O obxectivo de promover na USC unha liña de cooperación para o desenvolvemento comporta actuacións como a coordinación de proxectos internacionais. Froito desta liña de actuación coordináronse, no ano 2019, tres proxectos Capacity Building in Higher Education por valor de 394.072 € e unha Strategic Alliance (190.802 €), ademais da participación como socios en diversos proxectos Erasmus Plus KA2. Cómpre destacar tamén as seguintes accións:

- Consolidación do programa Mulleres por África
- Incorporación da USC ao programa YOUNG GENERATION AS CHANGE AGENTS que pretende establecer un esquema de migración legal circular con Marrocos, enmarcado na convocatoria de proxectos piloto de migración legal lanzada pola Comisión Europea, CE-DG Home, co instrumento de Asociación para a Mobilidade (MPF), implementado polo “Centro Internacional de Migracións para el Desarrollo Político”
- Establecemento dun convenio de colaboración coa Fundación Jorge Sampaio para participar na “Global Platform for Syrian Students”, que permitiu consolidar o programa de axudas a persoas refuxiadas.





6

XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



É preciso elaborar e aprobar un novo plan que garanta a estabilidade e sustentabilidade económica no curto e medio prazo, xestionando os recursos con rigor, eficiencia e transparencia. Cómpre avanzar tamén na racionalización da normativa e na mellora dos procedementos.

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	2020
6.1 OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS						
6.1.1 Elaboración e aprobación dun plan de ordenación e xestión de infraestruturas						
6.1.2 Cooperación con outras institucións para compartir uso de infraestruturas comúns						
6.1.3 Renovación das redes						
6.1.4 Creación dunha unidade de control e monitorización da xestión global das infraestruturas						
6.1.5 Integrada na acción 6.1.1						
6.1.6 Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes e edificios administrativos						
6.1.7 Aumento da cobertura da rede sen fíos interna e externa						
6.2. PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS						
6.2.1 Refinanciamento da débeda						
6.2.2 Deseño dun Plan de financiamento 2021-2025						
6.2.3 Definición dun Plan de colaboración con Institucións Público/Privadas						
6.2.4 Desenvolvemento normativo para a xestión económica e contable						
6.2.5 Implantación do sistema de micromecenado						
6.2.6 Definición de criterios para a distribución dos créditos descentralizados						
6.3 RACIONALIZAR A ADMINISTRACIÓN INSTRUMENTAL						
6.3.1 Incorporación de actividades ao CISUG						
6.3.2 Elaboración dun programa para o redimensionamento e reordenación dos entes instrumentais						
6.4 AXILIZAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS						
6.4.1 Realización de toda a tramitación interna por medio de mecanismos electrónicos						
6.4.2 Mellora dos portais de autoservizo para uso do estudiantado, profesorado e PAS						
6.4.3 Implantación dunha ferramenta para a xestión e seguimento de procesos xudiciais						
6.4.4 Automatizar as certificacións acreditativas de PDI e alumnado						
6.4.5 Promoción do uso de ferramentas de administración electrónica nos centros (notificacións, portasinaturas, etc.)						
6.4.6 Implantación dunha aplicación para a xestión de censos permanentes e proceso electorais						
6.5 SISTEMATIZAR A NORMATIVA UNIVERSITARIA						
6.5.1 Revisión da normativa interna da USC						
6.5.2 Mellora da accesibilidade dos textos						
6.5.3 Protocolización e sistematización da elaboración de normas e outras disposicións de carácter xeral da USC						
6.5.4 Establecer canles de relación da USC coas persoas egresadas e cos empregadores						
6.5.5 Actualización da regulación e sistematización do tratamento dos convenios						
6.5.6 Elaboración dun módulo informático para a xestión integral dos convenios da USC						
6.5.7 Deseño e aplicación do procedemento para recoñecer ás entidades						
6.6 ORIENTAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN Á SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS USUARIOS						
6.6.1 Mellora na xestión da información institucional						
6.6.2 Aumento da eficiencia dos procedementos de xestión e prestación de servizos						
6.6.3 Impulso no uso das aplicacións institucionais na área de recursos humanos						
6.6.4 Orientación da prestación de servizos TI á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios/as						
6.6.5 Dotación á área de xestión económica dunha ferramenta integrada						
6.6.6 Definición dunha nova estrutura da ATIC						
6.6.7 Fornecer infraestruturas e ferramentas TI de apoio ás actividades de investigación						
6.6.8 Redución dos custos de operación da infraestrutura TI						
6.6.9 Introducción dun novo modelo de provisión de recursos TI para a docencia práctica						
6.6.10 Introducción dun novo modelo de adquisición, mantemento de operación dos recursos TI en centros, departamentos e servizos						



6.1 OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS

Xestionar e optimizar. Dous termos que van da man e amósanse inseparables dentro da axeitada dirección dunha entidade e que, no caso da USC, implica un compromiso por obter o maior rendemento de cada un dos recursos dispoñibles.

No eido das infraestruturas destaca o Plan aprobado en decembro de 2019, que pivota sobre unha serie de actuacións cuxos fitos están marcados de cara ao 2022:

- Demolición e construción da Facultade de Farmacia e Enfermaría.
- Traslado da Facultade de Ciencias da Educación do campus norte ao campus vida.
- Rehabilitación das Facultades de Medicina e Historia e de San Xerome e Fonseca.
- Traslado da Facultade de Formación de Profesorado ao campus e dotación de instalacións deportivas.




FOTO Mapa cobertura rede sen fíos da Facultade de Óptica e Optometría.

A cooperación con outras institucións para compartir infraestruturas de uso común é outra liña de actuación posta en marcha neste eido, como reflicte o convenio asinado co Concello de Ames para colaborar en asuntos de mobilidade, no uso compartido de infraestruturas deportivas, promoción económica e o emprendemento. Continúan os contactos cos Concellos de Santiago de Compostela e Lugo.

A resolución das deficiencias estruturais nos centros docentes tamén tivo a súa propia liña de actuación acometida con éxito a partir da descentralización da obra RAM en xaneiro de 2019, e foi aumentada a contía asignada para dar resposta á relación de necesidades enviada polos centros.

Tamén forma parte deste capítulo dedicado ás infraestruturas o aumento da cobertura da rede sen fíos interna e externa para adecuar os espazos ás necesidades actuais do estudantado. No período de setembro 2018 a xaneiro 2019 dispuxéronse 80 puntos de acceso da rede sen fíos en diferentes centros dos distintos campus.



FOTO Foto actual da Facultade de Farmacia e Enfermaría.

6.2 PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS

O refinanciamento da débeda marcado como obxectivo para dispor de un financiamento suficiente para atender as necesidades básicas da institución tivo un fito salientable no Acordo de refinanciamento dos orzamentos de 2019, que deu como resultado un cadro de refinanciamento que permitiu trocar o cadro de xuros. O deseño do plan de financiamento 2021-2025 quedou adiado por mor da Covid-19, polo que as conversas deben ser retomadas co obxectivo de consolidar o novo Plan de cara a finais do 2021.

A capacidade de captación de recursos económicos veuse reforzada por unha liña de actuación xa consolidada como a implantación do [sistema de micromecenado Sumo Valor](#), posto en marcha en modo piloto en 2019 gracias á coordinación dun grupo de traballo conformado por Xerencia, Asesoría Xurídica e ATIC para implantar un micromecenado efectivo: conta bancaria exclusiva, deseño de formularios, monitorización do seguimento, creación da páxina web e posibilidade de pago co TPU.




Foto Presentación do programa de micromecenado Sumo Valor.

A xestión eficiente dos recursos económicos tamén tivo resposta desde a definición dun modelo flexible para a súa distribución entre as estruturas responsables de atender as actividades docentes. Neste senso aplicáronse os criterios de distribución definidos polo Colexio de Decanos e consolidouse a descentralización do orzamento coa implicación de centros e departamentos, afectando a obras e investigación e avogando por comprometer unha certa autonomía na decisión.

MICROMECEENADO LOITA CONTRA A COVID-19




FIG Gráfica Micromecenado na loita contra a COVID.

6.3 RACIONALIZAR A ADMINISTRACIÓN INSTRUMENTAL

Simplificar o entramado instrumental da USC e promover a colaboración institucional de cara a potenciar o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego (CISUG) como instrumento para unha xestión máis ecoeficiente son os dous grandes obxectivos neste eido cuxo fito máis salientable reside na integración do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA) no propio CISUG.

6.4 AXILIZAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS

A racionalización e automatización dos trámites administrativos e de prestación de servizos ten unha evidente cabida dentro de todas as liñas de actuación dispostas como piares dunha xestión eficiente.

Dende o ano 2019 está implantada a aplicación de rexistro interoperable GEISER que tamén serve para a tramitación interna entre unidades da propia USC, o que supón un grande avance na tramitación electrónica. Debe destacarse que os procedementos de xestión

académica, xestión económica (contratación), prevención de riscos laborais, procedementos da Oficina de Análise de Reclamacións, expedición de certificados de emprego público, incidentes de recusación e abstención así como informes e recursos da Asesoría Xurídica están incluídos no tramitador electrónico.

Desde xuño de 2020 **toda a tramitación ordinaria de xestión económica pasouse a formato electrónico e completouse a aplicación PSPDI para que a tramitación dos concursos de selección de PDI fose completamente electrónica**, incluíndo a actuación das comisións.

Tamén os portais de autoservizo para o uso de estudantado, profesorado e PAS está a ser atingidos: **reordenouse a Secretaría Virtual do Alumnado** e incluíronse novos contidos. O portal do empregado atópase en preproducción e implantouse un software para a xestión e seguimento dos procesos xudiciais.

Acadouse tamén a **automatización das certificacións de grao e mestrado** a través da Secretaría Virtual do Alumnado e as certificacións de docencia a través da secretaria Virtual do PDI. O 86,8 % das certificacións expedidas no eido académico xa están automatizadas e son asinadas con selo de órgano.

Puxéronse a disposición dos centros tanto os medios normativos como as ferramentas tecnolóxicas para que poidan realizar todos os trámites de xeito electrónico.

Por último o obxectivo de incentivar a participación da comunidade universitaria a través de xeneralización do voto electrónico, que adquire se cabe unha maior relevancia no escenario COVID, quedou complementado co compromiso de implantar unha aplicación para a xestión de censos permanentes e procesos electorais. Esta aplicación implementárase con ocasión dos vindeiros procesos electorais, que deberán realizarse proximamente tras ter sido adiados por mor da COVID.

6.5 SISTEMATIZAR A NORMATIVA UNIVERSITARIA

A racionalización e axeitamento da normativa vixente á cambiante realidade implica un proceso de tipificación e sistematización como claves para revisar a normativa interna da USC



FOTO Centro de Procesado de Datos da USC.

En cumprimento do obxectivo de tipificar e sistematizar a normativa existente, **conclúuse o módulo de publicación de disposicións de carácter xeral** e introduciuse a publicación de normas consolidadas con ocasión da modificación doutras xa existentes. Tamén se mellorou a accesibilidade completando o proceso coa publicación no repositorio institucional Minerva dos textos consolidados tras ser publicados no Taboleiro Electrónico. Para este fin aprobouse a Instrución da Secretaría Xeral 3/2019. Así mesmo, programáronse accións de formación sobre o uso de Minerva que se impartiu a todos os servizos. Estas actuacións complementaríanse cun Boletín Informativo en soporte dixital para a difusión á comunidade universitaria de acordos e actos administrativos de interese xeral.

Doutra banda, en relación ao obxectivo de establecer canles de relación da USC coas persoas egresadas e cos empregadores, destaca a implementación da ferra-

menta Jobteaser, dirixida á orientación e contratación de recién graduados, que será lanzada no primeiro trimestre do curso 2020-2021.

No que respecta ao tratamento sistematizado dos convenios asinados coa USC, está en fase de elaboración un regulamento para a aprobación, modificación e xestión de convenios. A necesidade de dispor dun módulo informático para a xestión integral dos convenios tamén se está a tratar, a partir da busca e análise de aplicacións estándar existentes como paso previo para estudar a opción da creación dunha solución propia

6.6 ORIENTAR A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN Á SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS USUARIOS

Poñer ao usuario no centro da todas as actuacións previstas pola a ATIC implica unha reforma da súa organización e procedementos para orientalos á prestación de servizos. En xullo de 2020 foi aprobada en Consello de Goberno a reforma dos procedementos da ATIC que se fará tanxible coa definición e implementación do catálogo de servizos no primeiro semestre do curso 2020-21. Ademais, trabállase no impulso do uso das aplicacións institucionais na área de recursos humanos. Atópase en fase de recollida de requisitos e licitación a implementación dunha aplicación de apoio aos procesos de provisión, selección e formación de PAS, análoga á que se desenvolveu xa para PDI. Será executada durante 2021.

A reforma levada a cabo na ATIC segundo á súa propia estrutura, co obxectivo de artellar un modelo de xestión xerarquizado e acorde co esquema nacional de seguridade.

Por último, dentro do obxectivo de ofrecer aos grupos de investigación unha infraestrutura e ferramentas de tecnoloxías da información para as necesidades de cómputo dos proxectos de investigación dos que son responsables, podemos subliñar a implantación da aplicación IDEAS para a Área de Valorización (xestión de patentes) e a renovación do software RIAIDT.




FOTO ATIC.



ANEXO: A RESPOSTA CONTRA A COVID-19 NO CURSO 2019-2020

A.1 A RESPOSTA DA USC CARA Á SOCIEDADE

A crise global provocada pola pandemia puxo a proba a toda a sociedade, tanto no que respecta á súa capacidade para adaptarse aos continuos cambios provocados polas informacións que se foron recibindo en torno ao impacto da COVID-19 desde o seu coñecemento como ás contribucións que cada entidade e institución puido facer para mitigar o seu impacto.

EVOLUCIÓN E ACCIÓNS COVID-19




FIG Evolución e accións covid-19.

Unha mostra clara da capacidade de adaptación da USC ante a incerteza creada nos inicios da pandemia no país, foi a suspensión da docencia clínica e a creación dun Comité de Seguimento unha semana antes da declaración do estado de alarma por parte da Administración Central.

Estar á altura como institución ao servizo da sociedade implica, non só tomar as medidas oportunas de seguridade e responsabilidade cos usuarios, senón ser capaces de poñer a disposición os recursos para facer fronte a unha situación tan excepcional.

A USC puxo a disposición do SERGAS máis de 500 camas das residencias universitarias de Santiago e Lugo para activalas como hospital de día e dar resposta as posibles necesidades do SERGAS, toda vez que as prazas quedaron baleiras por mor do confinamento dos estudantes usuarios nos seus respectivos domicilios.


Luvas de nitrilo e látex, máscaras FFP2, FFP3 e cirúrxicas, gafas de protección, blusas, calzas, material de bioloxía molecular para a realización de ensaios de PCR e outras analíticas de laboratorio...en total, dúas toneladas de material foi cedido ás autoridades sanitarias nun momento en que a escaseza era a tónica común en todo o país ante a crecente crise.

Dentro das medidas adoptadas, cómpre subliñar o traballo levado a cabo coa produción de xel sanitizante destinado a abastecer a sanidade pública. Un equipo composto por docentes, investigadores e persoal de administración e servizos involucrouse nun proxecto co obxectivo de fabricar 9.000 litros (18.000 botellas) de xel desinfectante de uso sanitario para o Servizo Galego de Saúde.

Este xel desinfectante converteuse nun material imprescindible na denodada loita emprendida para frear a expansión da COVID-19 entre a sociedade e, nomeadamente, entre os profesionais sanitarios e demais profesionais que se atopan na primeira liña de batalla co coronavirus. A produción propia por parte da USC foi posible grazas ao proceso de transformación e adaptación da planta piloto de que dispón o Departamento de Enxeñaría Química na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago (ETSE).

A iniciativa contou cun extraordinario eco nacional e internacional, con contactos por parte de Universidades de España, Europa e Latinoamérica para coñecer o procedemento empregado. Máis de 50.000 entradas en LinkedIn e máis de 1.200 comentarios de enxeñeiros químicos e farmacéuticos de todo o mundo dan mostra da repercusión acadada.

PRODUCCIÓN DE XEL SANIZANTE





OPERACIONES PREVIAS:
 Limpieza das instalacións / Preparación e acondicionamento do equipo /
 Deseño dos balances de materias / Procura das materias primas

FIG Gráfica de producción de xel sanitizante.



FOTO Producción de xel desinfectante.




FOTO Agradecemento sanitarios.

No eido da investigación, tamén resulta remarcable a apertura dunha nova liña de actuación dentro da plataforma de micromecenado da USC, Sumo Valor, para acelerar o proceso de investigación contra a Covid-19.

Desde a súa apertura no mes de abril máis dun centenar de particulares, institucións e empresas de moi diversa índole quixeron tomar parte nesta iniciativa, acadándose a finais de xuño doazóns por un valor de 80.000 €.

Os fondos captados a través de ‘Sumo Valor’ están a servir como fonte de financiamento para dous proxectos desenvolvidos co Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica (CiQUS). Por unha banda, o profesor Javier Montenegro é o investigador principal dun proxecto que prepara vectores peptídicos para o transporte de ARN mensaxeiro de potencial aplicación en vacinas; pola outra, o grupo que dirixe o profesor José Martínez Costas traballa dende abril no desenvolvemento dunha vacina fronte á COVID-19 segundo unha nova metodoloxía, desenvolvida no propio centro e patentada pola USC, que permite resultados en mares de tempo reducidas e a baixo custo. Esta investigación está a piques de iniciar probas preclínicas en animais.

O catedrático de Electromagnetismo da USC, Jorge Mira, é o investigador principal do proxecto ‘Predico’ sobre modelos de predición dinámica sobre escenarios de afectación por COVID-19 a curto e medio prazo. O obxectivo deste proxecto tamén financiado pola campaña de micromecenado da USC, é o de predicir a evolución da expansión e incidencia da enfermidade. Este equipo de investigadores logrou predicir cando se ía producir o pico da pandemia.

A cartografía de risco coordinada polo profesor Ángel Miramontes permitirá coñecer onde se localizan os principais focos de contaxio pola COVID-19, con que factores territoriais están relacionados e cales son os espazos de actuación chave para frear a súa propagación. ‘Sumo valor’ toma tamén parte na elaboración deste mapa actualizable que permitirá realizar un diagnóstico sobre o comportamento espacial do contaxio.

Finalmente, desenvolver e avaliar en estudos preclínicos unha nova vacina baseada en ARNm contra o SARS-CoV2 capaz de inducir respostas inmunitarias de longa duración fronte ao virus é o fin último do proxecto de investigación no que traballa o laboratorio que lidera a catedrática da USC e investigadora

no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), María José Alonso, e que tamén recibe fondos procedentes de ‘Sumo Valor’. O obxectivo é producir un vehículo sintético baseado en biomateriais inocuos e capaz de transportar o ARNm ao interior das células diana, de modo que logre a produción do antíxeno no organismo humano.

A.2 A DOCENCIA NUN CONTEXTO DE PANDEMIA

A axilidade na toma de decisións para poder adaptar o día a día da USC ás continuas informacións que foron xurdindo en relación ás normas e recomendacións das autoridades sanitarias veuse reflectida en toda unha serie de actuacións para cumprir cos estándares de servizo da institución.

Toda unha serie de resolucións reitorais e instrucións foron acometidas para dar resposta ás necesidades do alumnado e aos protocolos precisos para tratar de manter uns mínimos de servizo e cumprir coa lexislación sobre a crise provocada pola COVID-19.

A continuación destácanse as principais medidas adoptadas con respecto á atención ao alumnado:

- Indicacións ao alumnado relacionadas coas recomendacións das autoridades sanitarias, con reforzo da comunicación vía páxina web, aplicación móbil e redes sociais.
- Coordinación do profesorado para coñecer en tempo real todas as medidas para adoptar durante o desenvolvemento da emerxencia sanitaria, reforzando o uso do correo electrónico, da web, da aplicación móbil e das redes sociais como medios de consulta.
- Posta a disposición dos alumnos de materiais, recursos e actividades que permitiran continuar co desenvolvemento dos contidos programados na guía docente das materias, así como a atención titorial e a titorización de traballos de fin de grao, de fin de mestrado e teses de doutoramento.
- Atención ao alumnado a través do Campus Virtual e doutras ferramentas auxiliares detalladas nas [Indicacións para a docencia en liña](#) elaboradas polas Vicerreitoría de Organización Académica e de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade.

- Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19. Este acordo desenvolveuse e comunicouse a centros, departamentos, profesorado e alumnado a través dun documento de directrices para a organización académica e avaliación.

- Publicación da [Instrución 2/2020](#) da Secretaría Xeral para a aplicación do artigo 4.3. do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

- Publicación da [Guía para a celebración de probas finais telemáticas](#).


- Publicación da [Instrución 3/2020](#), da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020, ditada en aplicación da Disposición adicional primeira do Acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

- Publicación da Instrución do 20/05/2020 da Vicerreitoría de Organización Académica de reanudación parcial das prácticas externas presenciais durante o período de desescalada a partir do día 1 de xuño.

- [Resolución das axudas ao alumnado para o desenvolvemento da docencia virtual](#).

- Coa finalidade de actualizar a competencia docente do profesorado, elaborándose 24 recursos e videotitoriais que foron postos a disposición da comunidade universitaria no [canal institucional de Youtube](#). Asimesmo impartíronse, a través da plataforma MS Teams, 5 cursos de formación sobre o emprego de diferentes ferramentas, preparación de materiais e avaliación, nos que se produciron 2.080 asistenciais.

ESTRATEGIA DE DOCENCIA EN REMOTO



6 DE MARZO

Creación do Comité COVID-19.

9 DE MARZO

Implementación de Nodo adicional para o Campus Virtual.

10 DE MARZO

Incorporación a MS Teams de 34.000 correos electrónicos do alumnado e 4.000 do cadro de persoal.

12 DE MARZO

Activación da cláusula de emerxencia de VPN para ter ata 2.500 licencias. Liñas accións BUSC, CeTA e ATIC.

13 DE MARZO

Peche das instalacións da USC. Reforzo do CAU, Sistemas e Ciberseguridade. Liñas docencia en remoto: One Drive, CV, MS Teams.

16 DE MARZO

RR cos protocolos de Actuación durante o Estado de Alarma.

19 DE MARZO

Videotitoriais do CeTA sobre CV.

22 DE MARZO

BUSC en liña.

23 DE MARZO

RR Guías Docentes.

25 DE MARZO

Cursos do PFID sobre metodoloxías na docencia en remoto.

26 DE MARZO

Novos recursos de MS Teams na web.

30 DE MARZO

Axudas ao alumnado sen acceso a Internet.

31 DE MARZO

Negociación con Aspen-HYSYS.

1 DE ABRIL

Colaboración con BGalicia para instalar proxy de acceso aos fondos bibliográficos.

2 DE ABRIL

Fondos en Artes & Humanidade, Ciencias Sociais e Ciencias.

3 DE ABRIL

Cursos do PFID sobre MS Teams.

6 DE ABRIL

Fase I do piloto en Azure para o SPSS.

7 DE ABRIL

Enquisa ATIC da CRUE.

8 DE ABRIL

Fase I de implementación do Aspen-HYSYS. Comezo da negociación con CYPE.

11 DE ABRIL

Resultados da Enquisa ATIC.

12 DE ABRIL

Videotitoriais en Youtube.

14 DE ABRIL

Informe Ferramentas Avaliación non presencial.

15 DE ABRIL

Proposta Sistema de Avaliación.

17 DE ABRIL

Defensa de Teses vía telemática.

22 DE ABRIL

Consello de Goberno.

23 DE ABRIL

Informe Avaliación e Ferramentas.

24 DE ABRIL

5 cursos sobre avaliación en CV.

27 DE ABRIL

Curso sobre avaliación polo CeTA. 28 de abril: Operativo SPSS e HYSYS.

30 DE ABRIL

2ª Convocatoria de axudas ao alumnado para datos en móbiles.

4 DE MAIO

Creación da Unidade de Asesoramento de Probas Telemáticas.

5 DE MAIO

Plan de Acción coa FEGAMP e AMTEGA para favorecer a conexión dos estudantes.

7 DE MAIO

Convocatoria de axudas ao alumnado para equipamento.

11 DE MAIO

Liña 3 concedida: Equipamento e Conectividade.

12 DE MAIO

Cursos CeTA.

13 DE MAIO

Calendario nificado Materias >150.

16 DE MAIO

Unidade de Asesoramento de Probas Telemáticas. Zonas tecnolóxicas limpas.

17 DE MAIO

Convenio oa FEGAMP e AMTEGA para favorece a conexión dos estudantes.



PDI dados de alta no Campus Virtual.

A.3 ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DURANTE A CRISE

O confinamento derivado da crise puxo a proba a capacidade da USC para extraer o mellor rendemento ás ferramentas dispoñibles para evitar o parón administrativo da institución.

Desde un inicio foron transmitidas as indicacións precisas para poder acceder aos equipos informáticos en remoto, vía solicitude e autorizacións previas ([Servizo de acceso remoto VPN-SSL](#)). Debe remarcarse que esta opción foi tomada como excepción para os casos de estrita necesidade para acceder ás ferramentas precisas, dado que tanto o paquete Office 365 como Xescampus ou as ferramentas da Sede electrónica son accesibles sen necesidade de conectarse ao equipo do posto de traballo.

Co gallo de anticiparse a posibles eventualidades, fíxose extensiva a recomendación a todos os usuarios de subir todos os documentos de traballo ao seu OneDrive persoal para acceder a eles dende calquera ubicación, facilitando [tutoriais](#) para quen puidera precisar de indicacións. Todo o persoal dispón dun espazo de 1 Tb (1.000 Xigabytes) por persoa en OneDrive.

Reforzáronse tamén os [tutoriais para o uso da ferramenta Microsoft Teams](#) de Office 365, que permite realizar sesións de videoconferencia e o desenvolvemento de traballos en equipo entre outras funcionalidades.

Para resolver incidencias técnicas e dúbidas relacionadas con Microsoft Office 365 e as distintas ferramentas que o conforman mantívoase accesible o Centro de Atención a Usuarios (CAU).

EVOLUCIÓN INCIDENCIAS CAU




FIG Gráfica evolución incidencias CAU.

EVOLUCIÓN INCIDENCIAS CeTA




FIG Gráfica evolución incidencias CeTA.

